

—Cales son os retos desta nova directiva da GALIX capitaneada por vostede?

—O reto fundamental é conseguir a visibilización e a valorización social da literatura infantil e xuvenil (LIX) e tamén da figura do escritor e do conxunto do colectivo: ilustradores, tradutores, bibliotecas, librerías... No mes e pico que levamos traballando xa establecimos moitísimas alianzas. Por exemplo, con Redelibros, de tal maneira que todas as semanas un socio de GALIX protagoniza esta rede social cun artigo e, a cambio, Redelibros difunde a súa obra. Outra iniciativa é que, dende este ano, todos os 2 de abril, Día Internacional da Literatura Infantil e Xuvenil, imos facer unha gran festa de homenaxe a algún autor importante da literatura infantil e xuvenil do mundo. E este ano comezamos cun dos máis destacados, Xosé Neira Vilas. Farémolo socio de honra e editaremos unha publicación na que sete persoas alleas á literatura —actores, deportistas, xente da danza ou a música...— escribirán sobre el. Queremos botar a andar un monllo de iniciativas, aínda que todas tendentes cara ao mesmo obxectivo: o prestixio social, a visibilización e o recoñecemento para un tipo de literatura que moitas veces se ten considerado como de inferior categoría cando na praxe é esencial, porque os lectores, ou se fan na infancia ou xa non se fan.

—De todos os xeitos, o prestixio do que goza agora a LIX galega dista moitísimo do que podía ter hai dúas décadas...

—Evidentemente. E ademais de prestixio, recoñecemento internacional. Nomes como os de Agustín Fernández Paz ou Marilar Aleixandre ou ilustradores como Xan López Domínguez ou David Pintor están conseguindo un importante recoñecemento fóra de Galiza, o que nos fai sentir especialmente orgullosos. E oxalá tamén o país entenda que hai que presumir disto. O país presume de moda, de gastronomía... e tamén debería facelo do alto nivel dos nosos escritores.

—Este prestixio tamén leva consigo unha apertura de mercados?

—Así é. Esta mesma semana, aquí en Galaxia recibiamos os primeiros orixinais do *Jan estivo ali*, de Xosé Antonio Neira Cruz, en coreano. Por outra banda, a Dirección Xeral do Libro está a preparar unha grande exposición con todas as cubertas de *Memorias dun neno labrego* en moitísimas linguas. Pero é o que falabamos: se un actor galego ten un grande éxito internacional enchemos páxinas e páxinas dos xornais e se nos enche a boca. Isto está pasando dende hai anos cos escritores de noso, xa non só da LIX senón da literatura en xeral, e semella que ninguén se quere decatar.

—Temos autores, temos ilustradores, temos tradutores... Hai lectores?

—Hai, pero poucos. O outro día publicouse o Barómetro sobre Hábitos de Lectura e é para botar as mans á cabeza. Xa non só polos poucos lectores de galego que poida haber, senón polos poucos lectores que hai en xeral, e falo do conxunto do Estado. Non é que a

rapazada non lea, é que o país non le. Estamos moi pendentes de Belén Esteban, queremos saber que lle pasa a Sara Carbonero, pero non estamos atendendo ao que de verdade hai que atender, e é que un país que perde o hábito lector, un país que atende máis ás parvadas que botan pola televisión que á cultura, é un país que pode rematar tendo unha deriva política, social, moral... preocupante.

—Pero no caso das cifras de lectura entre os nenos, imos a peor ou a mellor?

—Coido que estamos mellor que nunca. Os datos son os datos, e a lectura está plenamente instaurada en todo o sistema educativo. Outra cousa distinta é o escaso ou nulo apoio que a Administración presta, por exemplo, ás bibliotecas escolares. Paréceme fantástico que se metan ordenadores nos centros; é sen dúbida unha gran noticia que hai que apoiar. Pero probablemente ese orzamento daría moito mellor resultado nutrido ás bibliotecas escolares.

—Habería que facer, quizais, máis fincapé na animación á lectura na casa?

—Eu estou certo de que, se saíramos á rúa a

preguntarlle aos pais “vostede quere que o seu fillo non sexa lector?”, ninguén diría que si. Pero logo non se ve ese apoio na casa. Dende os colexios, dende as bibliotecas, estase a facer un traballo excepcional, pero tamén habería que concienciar a pais e nais; que entendan que investir o seu tempo en que os cativos lean é investir no seu futuro. E neste sentido levo fatal ese argumento de que os libros son caros. Un xogo de ordenador do máis perralleiro non baixa dos 30 euros, e con 30 euros pódense comprar moitos libros. A parte, logo hai un argumento impeninábél —e tiro pedras contra a miña propia casa, contra as editoriais— e é que nas bibliotecas os libros son gratuítos. Por iso que o argumento de non mercar libros porque son caros... ímolo deixar de momento en discutíbel. Porque logo non discutimos os 30 euros dun videoxogo ou os 80 euros que custa unha camiseta oficial dun equipo de fútbol.

—Baixa o número de cativos que falan en galego mentres medra o daqueles que len en galego. Que lle pasa a este país?

—Este país padece dunha profunda “esqui-

zofrenia”. Xa na época da Xeración Nós alguén dixo que vivimos nunha especie de tentación suicida. Eu comentábao o outro día nun artigo; se o goberno decidira acabar co marisco galego, saíramos ás rúas a protestar; se decidira acabar mesmo coa música ou coa produción cinematográfica galega, saíramos a protestar. Porén, estamos perdendo a lingua, que é o máis propio de noso, e non hai entre os galegos a máis mínima reacción. É así de triste. Por iso falo dunha certa “esquizofrenia”, ou de vivir nunha realidade paralela. Non sabemos o grave que é o que nos está a suceder.

—O outro día, no seu blog (franciscocastro.blogalix.org) dicía que a LIX debe servir para que se entenda o mundo e que a rapazada non é parva. Hai que evitar, daquela, caer no politicamente correcto cando se está a escribir para rapaces?

—Absolutamente. Eu son un batallador incansábel contra a tiranía do politicamente correcto. Unha cousa é que nos esforcemos en producir libros que fomenten valores de igualdade, etc etc. e outra cousa é que veña



FOTO: ELI REGUEIRA

Francisco Castro

“Os lectores, ou se fan na infancia, ou xa non se fan”

A literatura para nenos e mozos é parte fundamental na vida de Francisco Castro. O autor de obras tan recoñecidas entre os cativos como Chamádeme Simbad e responsábel da Edición de Infantil e Xuvenil na Editorial Galaxia vén sumar dende o mes de decembro un novo labor ao seu currículo: a presidencia da GALIX, un posto dende o que pretende acadar un maior prestixio e visibilización do colectivo galego da LIX

NATALIA ÁLVAREZ

de saír unha edición d'*As aventuras de Huckleberry Finn*, de Mark Twain, onde se deturpa totalmente o texto e calquera clase de atisbo racista non aparece. Iso é absurdo. É non entender o momento en que foi feita a obra. Utilizando esa lóxica deberíamos case que retirar da circulación o 99% dos libros. É a mesma parvada de evitar que nas películas os personaxes non fumen. É que no mundo real a xente fuma, no mundo real a xente drogase. Pero a rapazada sabe ler, polo que os escritores non debemos tomalos por parvos.

—Como marcha o libro electrónico na LIX?

—Pois marcha ben. Aquí en Galaxia vimos de sacar os primeiros contos só para iPad e para iPhone, con dous premios que nos deron as industrias TIC que, para nós, foron un sorpresón. E Baía Edicións, Xerais... son moitas as editoriais galegas que se están animando a facer isto. Eu creo que parte do futuro vai por aí. Porque os menores de 17 anos son nativos dixitais. Eu teño unha cativa de 2 anos para quen o iPad non ten segredo ningún, manéxao moito mellor ca min e accede a todos eses contidos na lingua galega. Por iso coido que aí hai un esperanzador futuro. Mercado? Imaxino que haberá dentro de moitos anos, pero futuro para a lingua galega si que hai.